






BERNARDO II

UNIDADE
DIDÁCTICA



ÍNDICE

Presentación e introdución á Unidade Didáctica	2
A Colexiata de Santa María do Sar	3
O claustro como conxunto funerario	4
O sepulcro de Bernardo II	5
Quen foi Bernardo II	6
A epigrafía no sepulcro de Bernardo II	7
Proposta de actividades	8

PRESENTACIÓN E INTRODUCCIÓN Á UNIDADE DIDÁCTICA

A Colexiata e o seu Museo conforman un dos grandes enclaves monumentais da cidade de Santiago de Compostela. A pesares de ser un lugar relativamente descoñecido para o público xeral, alberga numerosos tesouros que nestes últimos anos, a través de diferentes medios, se foron sacando á luz.

Un deses tesouros, precisamente, é a tumba de Bernardo II, a máis antiga conservada dun arcebispo compostelán, datada no século XIII e que constitúe, hoxe en día unha fonte de coñecemento aínda por descubrir.

Co fin de poñer en valor dito sepulcro, pero tamén a propia Colexiata de Sar e o seu Museo (MuSar), realizouse esta Unidade Didáctica. Todo isto foi posible grazas ao *Programa de subvencións a fundacións, entidades titulares de museos, centros de interpretación ou bibliotecas da Deputación da Coruña do ano 2025*.

A COLEXIATA DE SANTA MARIA DO SAR


A Colexiata de Santa María do Sar foi fundada en **1134** por **Munio Afonso**, un antigo côengo da catedral e grande seguidor do arcebispo Diego Xelmírez, co fin establecer ás aforas da cidade unha comunidade relixiosa baixo a **regla de San Agustín**.

Para iso, construíu unha serie de dependencias para a vida diaria dos côengos ademais dunha igrexa. O emprazamento foi deliberadamente escollido pois tratábase dunha zona rural, **extramuros**, mais cerca da propia cidade de Santiago, nunha das grandes vías de entrada, mais apartados, co fin de promover o silencio e a meditación.

Os obradoiros que se encargaron da súa construción atopábanse naquel entón realizando a catedral **románica** de Santiago polo que na súa arquitectura se poden atopar numerosas similitudes con ela e mesmo algunha marca de canteiro compartida.

Estes obradoiros plantearon un templo de **planta basilical**, con tres naves lonxitudinais. Os côengos da colexiata terían acceso ao templo a través dunha porta que o unía co claustro, onde se atopaban as diferentes estancias de uso cotiá na Colexiata.

A igrexa foi proxectada orixinalmente cunha cuberta de madeira, que apoiaba sobre os arcos formeiros. Mais cara finais do século XV son introducidas as actuais **bóvedas** de canón, aumentando o peso da cuberta e dándolle aos piares a súa actual **inclinación**, tan característica.



O CLAUSTRO COMO CONXUNTO FUNERARIO

No claustro da colexiata atopamos unha serie de **xacentes** semellantes ao que alberga os restos de **Bernardo II**, hoxe no interior da igrexa pero, orixinalmente situado nunha capela adicada a Santa María Magdalena, na parte occidental do claustro.

O certo é que, moi probablemente, este claustro foi utilizado como lugar de **enterramento** dos côegos e priores da propia colexiata, como é o caso do sepulcro do Prior **Gonzalo Domínguez** ou do de **Bernardo Arias**, que segue o mesmo modelo que os anteriores; este último tamén posúe unha inscrición na que se indica que "*hic iacet* Bernardo Arias, noutro tempo côengo de Santiago que morreu o ano 1291".



O claustro era o lugar que estruturaba as diferentes salas de uso dos côengos, e a súa parte exterior, onde se atopaba o **patio**, era utilizada como lugar para a meditación e tamén como lugar de enterramento.

Esta función funeraria do claustro cabe relacionala coa súa función simbólica, como evocación do **paraíso terreal**, unha imaxe simbólica que se conseguía a través da vexetación esculpida en pedra, presente nas basas, nos capiteis, nos arcos etc.

Esta, víase complementada a través da **vexetación** real no patio. Son moitas as testemuñas documentais que nos falan das diferentes especies que crecían aquí, entre as que destacaban laureis, laranxos, olivos e cipreses. Todo isto complementábase coa presenza da **auga**, que saía da fonte central que aínda hoxe conservamos.

O SEPULCRO DE BERNARDO II

Na súa representación pétrea, o arcebispo porta unha **mitra**, elemento que recoñece á dignidade e función dun bispo ou arcebispo. As mitras, dende o século XII comezan a decorarse cada vez máis, aparecendo moitas veces bordadas con ouro e con diferentes decoracións. Ademais, tamén leva posta unha **casula**, uns **aneis** e unhas **sandalias pontificias**.

Os **báculos** son caxatos utilizados, neste caso, polos bispos e arcebispos e que lles son entregados na súa consagración. Neste caso, o báculo de Bernardo está realizado en forma de *tau* ou *T*, letra do alfabeto grego e hebreo.




O bastón realízase en forma de *tau* xa que era un símbolo de salvación e de redención, e víñano levando os arcebispos composteláns alo menos dende o século XII.

Tamén poderemos atopalo representado na propia catedral de compostelá en figuras tan recoñecibles como a escultura do apóstolo Santiago que se atopa no parteluz do Pórtico da Gloria.

Hoxe, no Museo Catedral conservamos un báculo inspirado nos composteláns, deseñado polo profesor Serafín Moralejo, para Xoan Pablo II durante a súa visita á basilica xacobeá do ano 1989.

Na súa representación pétrea, o arcebispo porta unha **mitra**, elemento que recoñece á dignidade e función dun bispo ou arcebispo. As mitras, dende o século XII comezan a decorarse cada vez máis, aparecendo moitas veces bordadas con ouro e con diferentes decoracións. Ademais, tamén leva posta unha **casula**, uns **aneis** e unhas **sandalias pontificias**. Así pois, Bernardo, aparece representado na súa tumba coma unha grande dignidade eclesiástica, reafirmando nela.



QUEN FOI BERNARDO II?

Bernardo II pasou á historia por ser un dos **arcebispos** da sé compostelá, destacado xunto con nomes coma Diego Xelmírez, Berenguel de Landoira ou Xoan Arias.

Non se coñece demasiado sobre a súa labor mais sabemos que a súa presenza como arcebispo iníciase no ano **1224** e perdurará ata o 1237.

Mais esta presenza no alto da élite eclesiástica non lle resultou allea pois proviña dunha **acomodada familia**, con propiedades na contorna compostelá e padronesa e con familiares que xa formaban e formaran parte do ámbito relixioso.

É probable que, debido a esta posición social, Bernardo fora quen de formarse fóra chegando á ensinanza universitaria e a acadar o título de “mestre” na Universidade de París, algo que non era excepcional entre os arcebispos composteláns pero que si resulta, canto menos, salientable.

Esta formación e a boa xestión e administración que soubo demostrar convertíriano en chanceler da chancelaría do monarca Afonso IX de León e Galicia e cara o 1214 en deán da catedral de Santiago, baixo o arcebispado de Pedro Múñiz. Precisamente, á morte de Pedro converterase Bernardo no seu sucesor, onde destacará ademais de pola súa faceta eclesiástica, tamén pola súa faceta política, defendendo as capacidades da igrexa compostelá relacionadas cos foros e co Voto de Santiago, principalmente.

*Tal e como indica o profesor Xose Sánchez



A EPIGRAFÍA NO SEPULCRO DE BERNARDO II

A epigrafía é a disciplina que se encarga de estudar e descifrar **inscricións**. Busca coñecer o seu significado, e o **soporte** sobre o que foron realizadas para así poder obter a maior cantidade de datos posibles.

A epigrafía, polo tanto, axúdanos nas ciencias sociais e históricas a comprender mellor o noso **pasado**.

Na colexiata de Sar atopamos numerosas inscricións, tanto no chan coma nas paredes, mais unha das máis importantes é precisamente a que se atopa no **sepulcro** de Bernardo II.

Nesta inscrición latina labrada no século XIII dise o seguinte:

*Sacou desta vida o Metropolitano Bernardo
poder subir ao ceo dende este chan vil*



E nela podemos observar un tipo de **letra** moi semellante ao que se atopa noutro lugar da cidade: na Catedral de Santiago e máis concretamente nos dinteis do **Pórtico da Gloria**, o que nos fai pensar que quizais esta tipografía foi a máis típica a principios do século XIII e quen sabe se o obradoiro que labrou a tumba de Bernardo foi un obradoiro que aprendeu co propio **Mestre Mateo**.






PROPOSTA DE ACTIVIDADES

A Colexiata de Santa María de Sar



Localiza no mapa as pezas e espazos que aparecen sinalados na lenda.



-  Cabeceira da igrexa
-  Piores inclinados
-  Contrafortes
-  Claustro medieval
-  Sepulcro de Bernardo II
-  Fonte do claustro

Os xacentes da Colexiata

Como xa indicamos anteriormente, na Colexiata de Santa María do Sar, tanto na igrexa como no claustro, conservamos unha serie de xacentes que resultan de enorme interese.

Propoñémosvos un achegamento a estes enterramentos para que tentedes atopar e identificar os nomes dos diferentes persoeiros sepultados nestas tumbas, ademais da de Bernardo II.



Aconsellamos que levedes unha lanterna para poder proxectar luz lateral e ver con máis claridade as inscricións.

Solucións:



HIC IACET **BERNARDVS ARIE** QVONDAM
CA/NONICVS COMPOSTELLANVS

Bernardo Arias (cóengo)



GUNDISALVUS DOMINI/CII PRIORI SANTE MARIE
SARIS

Gonzalo Dominguez, (prior)



DON **GOMEZ GONZALES DO CAN/ABAL** PRIOR
QVE FVE DESTE
MONESTEIRO

Gomez González do Canabal (prior)

A epigrafía




BERNARDO II



- Esta non é a única inscrición que se atopa no sepulcro. Achégate a el e busca algunhas palabras chave para poder identificala como o nome propio do noso protagonista.
- Tomando como referencia as letras do sepulcro e as que che ensinamos nesta UD, coma as que se poden ver nos dinteis do Pórtico da Gloria, realiza algunha inscrición ao estilo medieval.



Podes utilizar fórmulas latinas como "Hic requiescit..." ou "Anno Domini..."



Recortable de Bernardo II



6. CRÉDITOS

Promoven: Arcebispo de Santiago — Fundación Catedral de Santiago
Colaboran: Excm. Deputación da Coruña
Dirección de proxecto: Ramon Yzquierdo Peiró – Victoriano Nodar Fernández
Deseño 3D: Alejandro Vázquez Durán
Documentación: Diego Fernández Núñez
Comunicación: Jaime Mera García – Marina Pérez Toro
Didáctica: Marina Pérez Toro
Administración: Olga Viqueira Silveira

Agradecementos: Fernando Barros Fornos, Albertina Cuevas Vidán-Freiría, Daniel Lorenzo Santos, Noelia Márquez Grille, José Porto Buceta y Ricardo Sanjurjo Otero.

Este proxecto realizouse a través da convocatoria de subvencións a fundacións, entidades titulares de museos, centros de interpretación ou bibliotecas da Deputación da Coruña 2025 (FO215 / 2025) e no marco dun contrato de I+D entre o Arcebispo de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo, IN-0378-2025.



Universidade de Vigo

